

Acta do Consello Municipal de Deportes:

Nº	Entidades convocadas	Lugar	Data e hora
6	Membros Consello Municipal	Salón de Plenos do Concello de Ames	02/05/2017 (20:30 h)

1.- Persoas asistentes, facéndose constar a representación que ostentan en cada caso:

ASISTENTES:

CLUB DEPORTIVO RUTAS A PIE	
CLUB PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE	SI
CLUB ATLETISMO SAR	
ASOC. MOTOCLUB AMEIXENDA	
SOCIEDADE CAZA E PESCA AZOR	
ASOC. CULTURAL – DEPORTIVA ALDEA NOVA	
CLUB VOLEIBOL BRUXAS	
ASOC. GALEGA E DESARROLLO DO CICLISTA	
ASOC. DEPORTIVA VAL DA MAÍA	SI
CLUB BALONCESTO AMES	
CLUB BALONCESTO XL MILLADOIRO	
CLUB ATLETICO BERTAMIRANS	
BUGALLIDO C. F.	
CLUB FÚTBOL AGRÓN	SI
BERTAMIRÁNS F. C.	SI
MILLADOIRO S. D.	SI
CLUB FUTBOL ORTOÑO	
CLUB ATLETISMO MILLARAI0	SI
CLUB BIDUÍDO S. R.	SI
CLUB DEPORTIVO KARATE AMES	
CLUB CICLISTA AMES	
DON BUDI C. F.	
F. C. MEIGAS	SI
CLUB DEPORTIVO MILLARENGO CULTURA	
S.D. COMPOSTELA MONUMENTAL	
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA OMEGA	
CLUB PATINAXE SARELA	SI
ASOCIACIÓN DEPORTIVA BASQUET AMES	SI
CLUB CICLISTA OS ESFOLA ARRÓS	
AMES RADIO CONTROL CLUB	
CC REPEITIÑOS DA CAPILLA	
ASOCIACION DEPORTIVA RODANDO BIKE	
AGRUPACION DEP. CONFIADOS MILLADOIRO	
CLUB BALONCESTO A MAHIA	

CLUB DEPORTIVO DE BAILE DANZAYA	
CLUB DE TAEKWONDO AMES	
CLUB ABUELO BOX	SI
AGILITY COMPOSTELA	SI
EI MILLADOIRO	
COLEXIO ALCA	
IES DE AMES	
IES DO MILLADOIRO	
CEIP DE BAROUTA	
CEIP AGRO DO MUIÑO	
CEIP DE VENTÍN	
CEIP DA MAÍA	
ANPA IES DE AMES	
ANPA DA MADALENA	
ANPA SAN MAURO	
ANPA AGRO DO MUIÑO	SI
ANPA VENTÍN	
ANPA MILLAPEQUES	
ANPA O BOSQUE	
ANPA VAL DA MAÍA	
ANPA DO IES DO MILLADOIRO, ANPAMILLA	
ANPA AGORA IES MILLADOIRO	
SERVIPLUS 2000	SI
MELLOR DEPORTISTA MASCULINO	
MELLOR DEPORTISTA FEMININA	
AMES NOVO	SI
PP	SI
PACTOXAMES	
CIUDADANOS	
CONTIGO PODESE	
BNG	

2.- Puntos principais das deliberacións con indicación das persoas intervintes.

Tomou a palabra o Alcalde para presentar a reunión e dar aprobación á acta anterior.

Despois desta aprobación da acta, o Alcalde foi introducindo os temas do día:

- Altas e baixas de novos membros do Consello

O alcalde informou que causaban baixa os mellores deportistas do 2015, elexidos na Gala do Deporte, e que había tres clubs novos inscritos no rexistro municipal de asociacións, o Agility Compostela, Abuelo Box e o Club Deportivo KAOS KRAV MAGA.

- Presentación dos Orzamentos Municipais 2017.

O alcalde, neste punto, fixo un resumo do orzamento municipal onde salientou, o incremento da partida de subvención a entidades deportivas, que pasa dos 50.000 € aos 75.000 €, que se manteñen as subvencións nominativas e que se van a invertir 192.000 € en investimentos.

- División das Subvencións Municipais de concorrencia competitiva 2017 (Promoción de actividades e participación en actividade federada). Modificación das bases de subvencións de concorrencia competitiva 2017 (Borrador).

Informouse sobre a proposta de división que entraría en vigor para o no 2018 (Promoción de actividades e participación en actividade federada). O obxectivo disto é que a actividade non competitiva non entre en concorrencia competitiva coa actividade federada dos clubs que na maioría dos casos traballan coa base. Despois disto, fíxose unha explicación dos criterios subxectivos da promoción de actividades deportivas.

O representante do Club Abuelo Box, explicou que van a facer unha velada de boxeo e soamente participan 12 deportistas, argumentando que van ter pouca participación e, polo tanto, baixa puntuación. O alcalde argumenta que se tería en conta o público asistente coa incidencia social (alta, media ou baixa...).

O representante do club Tenis Val da Maía pregunta se a impartición de charlas tamén entraría. O alcalde contestou que a formación estaría dentro destas bases.

Informouse tamén, que unha liña non ía a ser incompatible coa outra pero o que solicite por deporte federado e que teña puntuación por actividades, non vai a poder pedir pola outra vía.

A previsión desta división sería facelo a partir das bases do 2018.

O representante do Meigas FS fai unha reflexión sobre a puntuación da promoción do deporte feminino, onde expón que segundo esa base da igual ter 2 nenas que un equipo de 10 nenas. Sobre este punto quedouse de debatelo e mirar unha mellor opción.

No apartado de promoción da lingua galega, o alcalde aclarou que, contemplaría actividades de promoción do uso do galego e non soamente o uso do idioma e, en xeral, o que se valora é a solicitude de subvención e non a concesión da mesma.

A representante do Club de Patinaxe Sarela argumenta que a veces é complicado aumentar o número de licencias, xa que para ter máis é necesario contar con máis instalacións deportivas municipais. O Alcalde respondeu dicindo que para o ano se podería valorar nas subvencións o non uso de instalacións municipais ou un menor uso das mesmas.

Sobre este punto o alcalde informou que as xustificacións das subvencións a entidades deportivas do ano 2016 vanse a levar a Xunta de Goberno Local o vindeiro xoves 4 de maio. Tamén se informou sobre este punto que era moi importante o que a entidade deportiva estivera ao corrente das obrigas tributarias, que as entidades que percibían subvencións por contía inferior a 3.000 € comprobaba directamente a tesoureira este dato, pero se a contía a percibir era superior, a entidade tiña que presentar o certificado de Facenda conforme a que a entidade está ao corrente das obrigas tributarias.

- Evento de clausura das Escolas Deportivas Municipais.

Informouse que o evento se realizaría o vindeiro sábado 3 de xuño, e que se desprazarían os distintos deportes ás distintas instalacións municipais (patinaxe no pavillón, baloncesto no exterior, Ximnasia rítmica na Casa da Cultura...). Neste evento ao final das distintas actividades habería unha churrascada final na Área deportiva do Milladoiro. Neste punto quedouse de que a empresa enviaría un email aos clubs involucrados para a organización do citado evento.

- Presentación do regulamento de Instalacións Deportivas Municipais.

Sobre este punto o Alcalde iniciou o debate dicindo que en xeral débese ser estrito cos horarios e coas normas. Tamén se incidiu que a ocupación dos campos e dos pavillóns é cada día maior entrando a diario unha solicitude nova, dunha ANPA, dunha club novo, peregrinacións... Tamén argumentou que cando non hai unha conserxería fixa é máis complicado que non haxa algún tipo de problemática.

Sobre o regulamento expuxéronse varios puntos:

O representante do Meigas FS argumenta que para cumprir algún punto deste regulamento resulta complicado porque, por exemplo, no pavillón do Milladoiro soamente hai dous vestiarios. Tamén se solicita a eliminación do punto onde os menores de 9 anos deben ir acompañados dun adulto.

A representante do Club de Patinaxe Sarela expuxo que en períodos escolares se propoñan datas límites para solicitar as instalacións deportivas. Polo tanto, no regulamento deberíase incorporar dito punto, debendo valorarse poñer unha data de solicitude límite. Argumenta tamén, que non está de acordo con que as solicitudes teñan preferencia por número de deportistas na utilización do espazo deportivo. Apunta tamén que as follas de queixas no pavillón de Bertamiráns non existen e pregunta polo estado da contratación do conserxe.

O alcalde responde á pregunta anterior informado que hai unha partida de 18.000 € para este apartado e que non se poden facer substitucións xa que o que había era unha empresa.

O representante do Meigas FS pregunta pola substitución do pavimento por tarima. O alcalde informa que se vai a facer a obra co PAS sobran e tería que ser aínda adxudicada. Actualmente coas baixas que existen habería partida económica suficiente pero habería que esperar á execución dunha das obras do PAS, o saneamento de Castrigo. Tamén se informa que a substitución do pavimento do Milladoiro tamén iría no PAS complementario do 2018.

O representante do Meigas FS pregunta que se pode ou se debe facer ante unha situación de emerxencia ou algún tipo de problemática na utilización de instalacións deportivas durante o fin de semana. Incluso poñer un teléfono para solucionar posibles situacións.

O alcalde responde que os clubs que incumpran ou fagan un mal uso das instalacións poderá ser sancionado restrinxindo o uso das mesmas e que en caso dalgunha emerxencia deberá chamarse á Policía Local.

3.- Temas tratados e resultados das votacións, se fose o caso.

Presentación dos Orzamentos Municipais 2017.

División das Subvencións Municipais de concorrencia competitiva 2017 (Promoción de actividades e participación en actividade federada). Modificación das bases de subvencións de concorrencia competitiva 2017 (Borrador).

Evento de clausura das Escolas Deportivas Municipais.

Presentación do regulamento de Instalacións Deportivas Municipais.

4.- Rogos e preguntas

A representante do Club de Patinaxe Sarela pregunta polo estado de posibles construcións de novas instalacións. O alcalde argumenta que se están facendo proxectos, pero que algún deles ascende aos 600.000 € e que para elo se está buscando financiamento por 3 vías: Deputación, Xunta e Concello.

A representante do Club de Patinaxe Sarela indica que se hai algo que se poida facer por parte dos clubs que se estaría en disposición de facelo por parte da súa entidade.